



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA O ANO 2020

SUBSCRIBEN

Dunha parte, _____, secretaria xeral de Medios, en virtude do disposto na Disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

Doutra parte, _____, en representación da sociedade mercantil pública autonómica **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A** (en diante, **Retegal**), en virtude da súa condición de apoderado, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o 16 de xuño de 2015, co número 1.059 da súa orde de protocolo, estando a mesma debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e competencia suficientes para formalizar o presente Acordo de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Secretaría Xeral de Medios

A estrutura e funcións da Secretaría Xeral de Medios establécense no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo 3 establécese que *“A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, de comunicación audiovisual.”*

A Disposición adicional segunda deste Decreto establece que *“quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...).”*

Segundo. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. é unha sociedade pública autonómica creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro.

O 23.04.2013 publícase no DOG a Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

O artigo 1 do Anexo desta resolución establece que *“Baixo a denominación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (Retegal) constitúese unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente*



de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu réxime xurídico vén determinado pola Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como, no que proceda, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo título IV da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 2 dos estatutos de Retegal recolle que constituirán parte do seu obxecto social, entre outras, as actividades de *"dotación de equipamentos e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou nas que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.*

A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións."

Retegal está adscrita á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Terceiro. Actuacións.

Con base nos programas de investimentos da Secretaría Xeral de Medios, dentro da iniciativa pública, ampliouse a rede de titularidade pública autonómica de comunicación audiovisual, garantindo o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas e permitindo que a maior parte de poboación galega dispoña de acceso a estes servizos.

O Programa de Investimentos para o ano 2020 contempla as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, inclúe as visitas de comprobación técnica de emisións e actuacións de soporte técnico correspondentes.

Cuarto. Medios e recursos.

Retegal conta cos medios técnicos especializados na materia e dispón da estrutura necesaria para facerse responsable da organización e xestión dos traballos a desenvolver e das prestacións encargadas, así como da súa calidade técnica.

Quinto. Colaboración entre entidades do sector público autonómico.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Así mesmo, introduce no seu artigo 8, o concepto de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que *"cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que dispoñan dos medios dos que precisan".*

E prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste senso, Retegal, principal operador de rede de difusión do múltiple autonómico, está a realizar traballos que están vinculados á programación de investimentos en equipamento electrónico e de mellora da cobertura da Televisión Dixital.

En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que Retegal lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización da actuación sinalada anteriormente.





En consecuencia, considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, e de conformidade co disposto polo artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, as partes acordan a formalización dun Acordo de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente Acordo é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización das actuacións precisas para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia dentro do Programa de Investimentos para o ano 2020.

Segunda. Investimentos e actuacións.

1. Programa de investimentos. Elaborarase o Programa de Investimentos que incluírá as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que soportan o servizo nas entidades relacionadas no Anexo II.

Incluirase unha estimación económica dos custos de cada unha das actuacións que se vaian realizar no marco do Programa de Investimentos.

Este programa de investimentos elaborárase logo da comprobación técnica realizada nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e a partir dunha análise exhaustiva das necesidades.

Este programa constitúese nun marco de actuacións a desenvolver durante toda a vixencia do acordo e no que se basearán as correspondentes contratacións. Incorporará todas as actividades que poidan xurdir como consecuencia das comprobacións técnicas que se realicen; polo tanto está suxeito a modificacións en función das necesidades e do interese público. Igualmente, comprenderá todos os estudos, proxectos e accións concretas referentes ás actuacións a acometer para materializar os investimentos obxecto das contratacións.

As condicións técnicas figuran no anexo I. A lista de entidades de poboación obxectivo inclúense no Anexo II; poderanse incorporar ou eliminar entidades de poboación en función das necesidades que puidesen xurdir durante o período de vixencia deste acordo.

2. Este programa será elaborado polos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios e de Retegal.

3. A Secretaría Xeral de Medios autoriza a Retegal a, no seu caso, realizar as visitas de comprobación técnicas nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual que sexan da súa titularidade

4. O importe máximo do Programa de investimentos é de 410.000,00 euros.

Terceira. Contratación.

1. As sucesivas contratacións derívanse do Programa de Investimentos. Retegal iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e contará tamén coa información facilitada pola Secretaría Xeral de Medios.

2. Corresponderá a Retegal a tramitación, adxudicación e formalización dos contratos, tendo en conta que dispón de medios técnicos especializados na materia obxecto deste Acordo.

Retegal asumirá a constitución do vínculo contractual cos contratistas e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos, nos termos establecidos no artigo 16.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. Corresponde a Retegal a execución dos contratos, tendo en conta as súas capacidades técnicas. Os contratistas quedarán obrigados só ante Retegal, quen asumirá a total responsabilidade na execución da contratación fronte á Secretaría Xeral de Medios.





4. Poderanse empregar os importes das baixas nas licitacións para contratar novos investimentos, logo da súa inclusión no Programa de Investimentos.

Cuarta. Orzamento. Tramitación anticipada de gasto.

1. A Secretaría Xeral de Medios financiará a totalidade das actuacións precisas para cumprir co obxecto deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461B.603.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, polo importe máximo de 410.000,00 euros.

O importe exacto quedará establecido unha vez que Retegal licite as correspondentes actuacións. En ningún caso, as actuacións executadas suporán un incremento do orzamento máximo.

A Secretaría Xeral de Medios acreditará a plena dispoñibilidade das cantidades a achegar mediante a correspondente retención de crédito.

2. O acordo tramitarase como expediente anticipado de gasto, de acordo co disposto no artigo 2.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 .

Nesta tramitación anticipada poderase chegar á formalización do acordo, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Quinta. Comisión de seguimento, vixilancia e control.

1. Crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que terá as seguintes funcións:

a) Dar a conformidade e propoñer a Retegal e á Secretaría Xeral de Medios a aprobación conxunta do Programa de Investimentos e as súas posibles modificacións.

b) Coordinación, supervisión, seguimento e control da execución das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

c) Garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir. Igualmente poderá revisar as accións previstas no Programa de Investimentos, co fin de adecualas ao correcto cumprimento dos obxectivos previstos, así como, de ser o caso, variar a orde e os prazos das accións previstas, mediando unha xustificación técnica razoada.

d) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo.

2. Esta comisión será paritaria e estará formada, como mínimo, por un representante da Secretaría Xeral de Medios e un representante da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Sexta. Xustificación das actuacións. Achegas.

Retegal presentará á Comisión de seguimento, vixilancia e control un certificado da execución da totalidade das actuacións realizadas ao remate dos traballos, a correspondente documentación xustificativa e, no seu caso, os contratos asinados.

A Secretaría Xeral de Medios realizará as achegas logo da xustificación das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

Sétima. Modificación do acordo.

1. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o acordo poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Esta previsión deberá incorporarse nos pregos de cláusulas administrativas que rexan as contratacións, nos termos establecidos na lexislación aplicable.





Oitava. Extinción: resolución e efectos.

1. O presente acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente acordo de colaboración.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo de colaboración.
- e) Denuncia, por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

2. Se cando concorra calquera das causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable, para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena. Protección de datos.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, non se disporá dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso as partes por razón do desenvolvemento deste Acordo, cunha finalidade distinta á esixida polas accións derivadas do mesmo.

Décima. Réxime xurídico.

Este Acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No caso de discrepancia na interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo no seno da comisión de seguimento, vixilancia e control, os conflitos resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Undécima. Vixencia e execución. Prórroga.

O prazo de execución será como máximo dende 1 de febreiro ata o 15 de decembro de 2020.

O presente acordo non é prorrogable.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, o 17 de febreiro de 2020.

A secretaria xeral de Medios	O director xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
------------------------------	---





ANEXO I

CONDICIÓNS TÉCNICAS DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2020

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2020

Defínense neste documento as especificacións técnicas previstas para as actuacións a realizar no Acordo de Colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o programa de investimentos para a mellora e actualización da rede de titularidade pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia, para 2020.

No Programa de Investimentos incorporaranse as actuacións de mellora ou correctoras previstas. Terase en conta para estas propostas a capacitación para traballos en altura, o acopio de equipamento necesario para afrontalo, reposición de novo stock, así como a posta en servizo do equipamento afectado.

Deberá incorporarse un orzamento básico detallado, tendo en conta a as actuacións en altura como a nivel do chan, desprazamentos programados e non programados, etc., así como por tipo de módulo, ben sexa mellora ou corrección. As ditas propostas tipo e orzamento servirán para definir as actuacións técnicas concretas e o material necesario para as melloras e correccións.

Os traballos incluírán como mínimo dúas (2) actuacións por entidade, das descritas no Anexo II. Estas actuacións poderán ser referentes a comprobación técnica de emisións e comprobación técnica de configuracións de sistemas e equipamentos; ou tamén poderán incluír na mesma actuación, ademais do anterior, as accións de mellora e actualizacións correctoras, de ser o caso, en función da comprobación realizada, así como o soporte técnico preciso.

Incluíranse as aplicacións informáticas de control, seguimento e rexistro das actuacións, comprobacións, proposta de accións e xeración de informes, así como a documentación xerada necesaria para a tramitación administrativa das diferentes actuacións, aplicacións e documentación á que terán acceso os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios.



O equipamento instalado para o servizo das entidades obxecto desta actuación corresponde aos fabricantes Tredess 2010, S.L., Egatel, S.L. e Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., en potencias que van de 1 a 20 W, segundo as recomendacións dos organismos normalizadores de UIT, CEPT e do ETSI, conforme coa normativa relacionada no eido da comunicación audiovisual televisiva.

O equipamento incluído para cada un dos fabricantes comprende alomenos o seguinte hardware:

- Receptores
- Transmisores
- Canceladores de ecos
- Moduladores
- Sistemas de sincronismo
- Fontes de alimentación enerxética
- Telesupervisión e alarmas
- Filtros multiplexores
- Liñas de transmisión
- Distribuidores de potencia
- Sistemas radiantes
- Antenas de recepción
- Cableado de pequena sinal
- Sistemas eléctricos
- Sistemas de protección e antidescargas
- Armarios rack e elementos de soporte e ancoraxe
- Sistemas de xestión, operación e mantemento
- Sistemas de monitorización, medida e supervisión da radiodifusión
- Sistemas de alimentación ininterrompida

Tamén se incluírá o software necesario para o correcto funcionamento e actualización dos equipos electrónicos.

Ao remate de cada actuación entregaranse ante a Secretaría Xeral de Medios os protocolos e informes de cada unha das actuacións realizadas, documentación que virá en formato electrónico.



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
1	150070110	A CORUÑA	A BAÑA	SAN VICENZO	335	6
2	150071311	A CORUÑA	A BAÑA	TRECE	54	6
3	150410209	A CORUÑA	A LARACHA	A PEDREIRA	79	6
4	150670123	A CORUÑA	A POBRA DO CARAMIÑAL	VILARIÑO DE ABAIXO	60	5
5	150010910	A CORUÑA	ABEGONDO	VILARDEL	74	6
6	150020819	A CORUÑA	AMES	ALDEA NOVA	893	6
7	150020902	A CORUÑA	AMES	COVAS	66	6
8	150020608	A CORUÑA	AMES	VENTOSA	208	7
9	150061813	A CORUÑA	ARZÚA	RIBADISO	78	7
10	150701111	A CORUÑA	AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	GOENTE	134	6
11	150810215	A CORUÑA	AS SOMOZAS	A IGREXA	62	6
12	150810427	A CORUÑA	AS SOMOZAS	A IGREXA	224	6
13	150080706	A CORUÑA	BERGONDO	A LAGOA	108	6
14	150110308	A CORUÑA	BOIRO	COROÑO	103	8
15	150120103	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	A EIREXE	77	5
16	150120704	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	A PONTE	117	6
17	150120607	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	O OUTEIRO	55	6
18	150120206	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	SANTAIA	157	7
19	150120403	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	XIADÁS	29	6
20	150130901	A CORUÑA	BRIÓN	ESPARÍS	44	6
21	150140607	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	PEDROUZO	78	6
22	150160304	A CORUÑA	CAMARIÑAS	A PONTE DO PORTO	859	7
23	150160201	A CORUÑA	CAMARIÑAS	AROU	406	5
24	150160202	A CORUÑA	CAMARIÑAS	CAMELLE	906	6
25	150160411	A CORUÑA	CAMARIÑAS	SANTA MARIÑA	129	6
26	150210502	A CORUÑA	CARRAL	A CABRA	77	6
27	150220104	A CORUÑA	CEDEIRA	A CARDOSA	61	6
28	150220402	A CORUÑA	CEDEIRA	ARÓN	95	6
29	150220517	A CORUÑA	CEDEIRA	MUNDÍN	81	6
30	150220721	A CORUÑA	CEDEIRA	TEIXIDO (SANTO ANDRÉ)	47	4
31	150230301	A CORUÑA	CEE	CEE	3662	7
32	150230403	A CORUÑA	CEE	LIRES	165	6
33	150230511	A CORUÑA	CEE	SAN XOSÉ	80	6
34	150230407	A CORUÑA	CEE	TEDÍN	85	6
35	150240417	A CORUÑA	CERCEDA	MEIRAMA	328	6
36	150240532	A CORUÑA	CERCEDA	QUEIXAS	491	6
37	150250121	A CORUÑA	CERDIDO	AS FELGOSAS	135	6
38	150270507	A CORUÑA	COIRÓS	OS LOUREIROS	65	6
39	150310807	A CORUÑA	CULLEREDO	A LAXE	1011	6
40	150310202	A CORUÑA	CULLEREDO	O BURGO	4406	7
41	150310701	A CORUÑA	CULLEREDO	ORRO	681	6
42	150320152	A CORUÑA	CURTIS	TEIXEIRO	1023	8
43	150340201	A CORUÑA	DUMBRÍA	ANSEÁN	96	6
44	150340301	A CORUÑA	DUMBRÍA	BUXÁN	168	6
45	150350613	A CORUÑA	FENE	AS CENTEIRAS	274	6
46	150361102	A CORUÑA	FERROL	AVENIDA DO 19 DE FEBREIRO	134	4
47	150360406	A CORUÑA	FERROL	DONIÑOS	169	6
48	150360901	A CORUÑA	FERROL	VILA DA AREA	233	6
49	150370302	A CORUÑA	FISTERRA	FISTERRA	2957	7
50	150370409	A CORUÑA	FISTERRA	SUARRIBA	46	6
51	150380210	A CORUÑA	FRADES	SANAMIL	54	6
52	150390410	A CORUÑA	IRIXOA	O PAZO DE IRIXOA	35	6
53	150400610	A CORUÑA	LAXE	MÓRDOMO	125	6
54	150420501	A CORUÑA	LOUSAME	ABEIXÓN	64	6
55	150420201	A CORUÑA	LOUSAME	ALDARÍS	58	6
56	150420408	A CORUÑA	LOUSAME	CROÍDO	237	7



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
57	150451207	A CORUÑA	MAZARICOS	A PICOTA	348	8
58	150450615	A CORUÑA	MAZARICOS	SUEVOS	100	6
59	150460904	A CORUÑA	MELIDE	AS FIGUEIRAS	27	6
60	150480503	A CORUÑA	MIÑO	LEIRO	169	6
61	150490419	A CORUÑA	MOECHE	SAN RAMÓN	186	7
62	150500107	A CORUÑA	MONFERO	O CANEDO	55	6
63	150530301	A CORUÑA	MUROS	LOURO	955	6
64	150530203	A CORUÑA	MUROS	O MAIO	700	6
65	150530207	A CORUÑA	MUROS	RIOMAIOR	44	6
66	150530807	A CORUÑA	MUROS	SAN XIÁN	67	6
67	150530702	A CORUÑA	MUROS	TAL DE ARRIBA	264	6
68	150521211	A CORUÑA	MUXÍA	QUINTÁNS	188	6
69	150521303	A CORUÑA	MUXÍA	TOURIÑÁN	53	6
70	150550328	A CORUÑA	NEDA	GANDARELA	38	5
71	150560001	A CORUÑA	NEGREIRA	NEGREIRA	3625	6
72	150560104	A CORUÑA	NEGREIRA	PESADUIRA	177	6
73	150560302	A CORUÑA	NEGREIRA	PORQUEIRA	39	6
74	150570507	A CORUÑA	NOIA	MIROU	48	6
75	150660801	A CORUÑA	O PINO	AMARELLE	99	6
76	150660108	A CORUÑA	O PINO	O PEDROUZO	618	6
77	150580309	A CORUÑA	OLEIROS	A XESTA	152	6
78	150610825	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SAN XOÁN	206	6
79	150612377	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SANTA MARÍA	515	7
80	150620605	A CORUÑA	OUTES	A CARBALLA	19	6
81	150620205	A CORUÑA	OUTES	CABANA MOURA	39	6
82	150620611	A CORUÑA	OUTES	LANTAROU	104	6
83	150630504	A CORUÑA	OZA DOS RÍOS	LOIS	222	5
84	150650202	A CORUÑA	PADRÓN	O AREAL	70	6
85	150650211	A CORUÑA	PADRÓN	O PEDROSO DO VENDAVAL	97	6
86	150680501	A CORUÑA	PONTECESO	O PORTO DE CORME	1155	8
87	150690604	A CORUÑA	PONTEDEUME	CHAO DE OMBRE	124	6
88	150710604	A CORUÑA	PORTO DO SON	CARBALLOSA	246	6
89	150710108	A CORUÑA	PORTO DO SON	PENAS	99	5
90	150720209	A CORUÑA	RIANXO	A MARQUESA	129	6
91	150740303	A CORUÑA	ROIS	LIÑARES	84	6
92	150770808	A CORUÑA	SANTA COMBA	A ILLA	109	6
93	150770402	A CORUÑA	SANTA COMBA	BOAÑA DE ARRIBA	114	5
94	150770105	A CORUÑA	SANTA COMBA	O COUTO	106	6
95	150781201	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	BELÉN	26	6
96	150782807	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	VILAR DE OUTEIRO	43	6
97	150790101	A CORUÑA	SANTISO	AGRO DO CHAO	31	6
98	150790202	A CORUÑA	SANTISO	CHORÉN	56	6
99	150800820	A CORUÑA	SOBRADO	SOBRADO	299	6
100	150820913	A CORUÑA	TEO	A RIBEIRA	102	7
101	150820102	A CORUÑA	TEO	CACHEIRAS	2080	5
102	150830209	A CORUÑA	TOQUES	PONTE QUEIMADAS	52	6
103	150841015	A CORUÑA	TORDOIA	PIÑEIRO	150	6
104	150851506	A CORUÑA	TOURO	A MUÍÑA	114	6
105	150851002	A CORUÑA	TOURO	FOXÁS DE ABAIXO	85	5
106	150881105	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	INSUA	82	6
107	150870202	A CORUÑA	VALDOVIÑO	CANDAÍL	61	6
108	150870119	A CORUÑA	VALDOVIÑO	O VILAR DE LAGO	112	6
109	150870417	A CORUÑA	VALDOVIÑO	TARAZA	244	6
110	150890309	A CORUÑA	VEDRA	REBOREDO	43	6
111	150891209	A CORUÑA	VEDRA	SOBREDO	35	6
112	150910119	A CORUÑA	VILARMAIOR	POUSADA	23	6



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
113	150900507	A CORUÑA	VILASANTAR	FORO	106	8
114	150920704	A CORUÑA	VIMIANZO	A DEVESA	57	6
115	150920101	A CORUÑA	VIMIANZO	BAÍÑAS	304	6
116	150920706	A CORUÑA	VIMIANZO	MOREIRA	50	6
117	270180901	LUGO	A FONSAGRADA	A FONSAGRADA	1214	7
118	270182101	LUGO	A FONSAGRADA	A POBRA DE BURÓN	118	6
119	270182501	LUGO	A FONSAGRADA	ARQUIDE	36	6
120	270181208	LUGO	A FONSAGRADA	LAMAS DE MOREIRA	37	6
121	270182305	LUGO	A FONSAGRADA	ROZABRAGADA	27	6
122	270182210	LUGO	A FONSAGRADA	SAN PEDRO	20	6
123	270181214	LUGO	A FONSAGRADA	SEOANE	41	6
124	270181106	LUGO	A FONSAGRADA	VILARCHAO	36	7
125	270440433	LUGO	A PASTORIZA	BRETOÑA	176	6
126	270480503	LUGO	A PONTENOVA	RECECENDE	159	6
127	270480703	LUGO	A PONTENOVA	VILAMEÁ	194	6
128	270480901	LUGO	A PONTENOVA	VILAOURUZ	49	6
129	270481002	LUGO	A PONTENOVA	VILARMIDE	40	6
130	270481109	LUGO	A PONTENOVA	XUDÁN	67	6
131	270010101	LUGO	ABADÍN	ABADÍN	118	8
132	270011403	LUGO	ABADÍN	O BARRAL	31	6
133	270020502	LUGO	ALFOZ	AS ACERNADAS	28	6
134	270031202	LUGO	ANTAS DE ULLA	SANTA MARIÑA	53	5
135	270370202	LUGO	AS NOGAIS	ESPARIZ	21	5
136	270370806	LUGO	AS NOGAIS	TORÉS	87	6
137	270040801	LUGO	BALEIRA	A LASTRA	67	6
138	270040103	LUGO	BALEIRA	MILLARES	31	6
139	270040221	LUGO	BALEIRA	VILARDOI	26	6
140	279011403	LUGO	BARALLA	A PONTE DE NEIRA	33	6
141	270061304	LUGO	BECERREÁ	AS PONTES DE GATÍN	22	6
142	270061101	LUGO	BECERREÁ	GUILFREI	80	6
143	270070101	LUGO	BEGONTE	BAAMONDE	243	6
144	270070601	LUGO	BEGONTE	INSUA	59	6
145	270080101	LUGO	BÓVEDA	BÓVEDA	339	6
146	270080901	LUGO	BÓVEDA	RUBIÁN	316	6
147	270091801	LUGO	CARBALLEDO	A BARRELA	197	5
148	270102302	LUGO	CASTRO DE REI	BARXA	50	8
149	270100906	LUGO	CASTRO DE REI	O CASTRO	881	7
150	270113701	LUGO	CASTROVERDE	CASTROVERDE	368	8
151	270111304	LUGO	CASTROVERDE	FURÍS DE ABAIXO	53	6
152	270120509	LUGO	CERVANTES	A DEGRADA	26	6
153	270120203	LUGO	CERVANTES	DUMIA	41	6
154	270121105	LUGO	CERVANTES	SAN MARTÍN DAS CAÑADAS	29	6
155	270121806	LUGO	CERVANTES	VILARELLO DA IREXA	51	6
156	270120812	LUGO	CERVANTES	XANTES	18	6
157	270130302	LUGO	CERVO	CERVO	523	7
158	270130608	LUGO	CERVO	SARGADELOS	60	6
159	270162502	LUGO	CHANTADA	A EIREXE	47	5
160	270170203	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FERREIROS DE ARRIBA	60	6
161	270170204	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FOLGOSO DO COUREL	188	6
162	270170804	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FROXÁN	38	6
163	270170703	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	MOREDA	38	6
164	270170501	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	NOCEDA	64	6
165	270170403	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PADERNE	43	6
166	270170502	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	TEIXEIRA	56	6
167	270170405	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	VILASIBIL	21	6
168	270190606	LUGO	FOZ	FONDO DE NOIS	539	6



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
169	270190505	LUGO	FOZ	FORXÁN	266	6
170	270190206	LUGO	FOZ	O SISTO	58	6
171	270190814	LUGO	FOZ	VILATUÍXE	110	6
172	270201508	LUGO	FRIOL	PORTOSCARROS	4	6
173	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	89444	6
174	270283202	LUGO	LUGO	MUXA DE ABAIXO	141	7
175	270290113	LUGO	MEIRA	MEIRA	857	7
176	270301405	LUGO	MONDOÑEDO	A PENA MOURA	27	6
177	270300704	LUGO	MONDOÑEDO	ESTELO	60	6
178	270330533	LUGO	MURAS	MURAS	96	5
179	270341202	LUGO	NAVIA DE SUARNA	A PROBA	309	6
180	270341408	LUGO	NAVIA DE SUARNA	MURIAS DE RAO	49	6
181	270341902	LUGO	NAVIA DE SUARNA	VALLO	26	6
182	270350402	LUGO	NEGUEIRA DE MUÑIZ	NEGUEIRA	41	7
183	270242402	LUGO	O INCIO	A FERRERÍA	35	4
184	270241514	LUGO	O INCIO	VILAMOR	26	6
185	270430207	LUGO	O PÁRAMO	FRIOLFE	28	6
186	270581101	LUGO	O SAVIÑAO	BUXÁN	41	6
187	270640504	LUGO	O VICEDO	O FOLGUEIRO	105	6
188	270640726	LUGO	O VICEDO	O VICEDO	835	7
189	270380428	LUGO	OUROL	VILARES	36	7
190	270391513	LUGO	OUTEIRO DE REI	URBANIZACIÓN O SALETE	224	7
191	270401401	LUGO	PALAS DE REI	CURBIÁN	43	8
192	270411702	LUGO	PANTÓN	O BARREAL	50	7
193	270450201	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	FONFRÍA	41	6
194	270450601	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	LOUZARELA	61	6
195	270461501	LUGO	POL	MOSTEIRO	193	8
196	270500301	LUGO	QUIROGA	BENDOLLO DE FEAIS	74	6
197	270501514	LUGO	QUIROGA	CONCEADO	31	6
198	270510616	LUGO	RIBADEO	A PALMEIRA	71	7
199	270510208	LUGO	RIBADEO	TEIXIDO	14	5
200	270530404	LUGO	RIBEIRA DE PIQUÍN	O CHAO DE POUSADOIRO	86	6
201	270540602	LUGO	RIOTORTO	A MUXUEIRA	57	6
202	270552004	LUGO	SAMOS	SAMOS	183	6
203	270550805	LUGO	SAMOS	SANTA MARIÑA	30	7
204	270590301	LUGO	SOBER	ARXEMIL	82	6
205	270610539	LUGO	TRABADA	SANTO ESTEVO	12	6
206	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	194	6
207	270610430	LUGO	TRABADA	VILARBETOTE	41	6
208	270620103	LUGO	TRIACASTELA	SANTALLA	55	6
209	270660502	LUGO	VIVEIRO	AREA	95	6
210	270660324	LUGO	VIVEIRO	PEDREIRA	36	8
211	270660713	LUGO	VIVEIRO	TOXEIRAS	107	6
212	270210913	LUGO	XERMADE	A CASANOVA	89	6
213	270210703	LUGO	XERMADE	O CAMPO DA FEIRA	78	6
214	270250808	LUGO	XOVE	O CRUCEIRO	19	6
215	270250518	LUGO	XOVE	VILA	65	6
216	270250405	LUGO	XOVE	VILAPOL	88	6
217	320030120	OURENSE	A ARNOIA	VILA TERMAL	167	7
218	320340704	OURENSE	A GUDIÑA	PENTES	91	6
219	320470304	OURENSE	A MERCA	FARAMONTAOS	56	6
220	320480101	OURENSE	A MEZQUITA	CÁDAVOS	94	6
221	320590703	OURENSE	A PEROXA	CORVELLE	41	3
222	320590901	OURENSE	A PEROXA	OS PEARES	76	7
223	320800302	OURENSE	A TEIXEIRA	CRISTOSENDE	49	3
224	320800101	OURENSE	A TEIXEIRA	O POMBAR	60	6



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
225	320830101	OURENSE	A VEIGA	BAÑOS	73	6
226	320040302	OURENSE	AVIÓN	AVIÓN	335	7
227	320050104	OURENSE	BALTAR	SAN PAIO	115	6
228	320070209	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	VILAMEÁ	25	3
229	320080201	OURENSE	BARBADÁS	BENTRACES	362	4
230	320100201	OURENSE	BEADE	AS REGADAS	71	6
231	320110102	OURENSE	BEARIZ	BEARIZ	395	7
232	320130605	OURENSE	BOBORÁS	FEÁS	294	6
233	320131505	OURENSE	BOBORÁS	O REGUEIRO	145	8
234	320131406	OURENSE	BOBORÁS	PAZOS DE ARENTEIRO	123	6
235	320130701	OURENSE	BOBORÁS	XENDIVE	116	6
236	320160101	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	CALVOS	177	6
237	320160602	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	RANDÍN	132	6
238	320160901	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	VILA	66	6
239	320170301	OURENSE	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	CASAI	421	6
240	320210101	OURENSE	CASTRELO DO VAL	CAMPOBECERROS	104	6
241	320210904	OURENSE	CASTRELO DO VAL	VILAR	23	6
242	320230108	OURENSE	CASTRO CALDELAS	OS MUÍÑOS	4	6
243	320231302	OURENSE	CASTRO CALDELAS	PENELAS	29	3
244	320240105	OURENSE	CELANOVA	ERMIDE	27	6
245	320290502	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	A VENTOSA	5	6
246	320290501	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	CELEIROS	66	7
247	320260401	OURENSE	COLES	CAMBE	356	7
248	320310202	OURENSE	ESGOS	CALSOMIRO	10	7
249	320390701	OURENSE	LAZA	MATAMÁ	173	6
250	320400503	OURENSE	LEIRO	LEIRO	540	7
251	320410806	OURENSE	LOBEIRA	VILARIÑO	70	8
252	320421003	OURENSE	LOBIOS	A HERDADIÑA	16	6
253	320420425	OURENSE	LOBIOS	GROU	318	6
254	320420205	OURENSE	LOBIOS	PRANCIBE	41	6
255	320420905	OURENSE	LOBIOS	TORNEIROS	96	4
256	320430902	OURENSE	MACEDA	SANTISO	53	7
257	320440204	OURENSE	MANZANEDA	LANGULLO	66	6
258	320491302	OURENSE	MONTEDERRAMO	MONTEDERRAMO	152	3
259	320491202	OURENSE	MONTEDERRAMO	VILARIÑO FRÍO	71	3
260	320511101	OURENSE	MUÍÑOS	GUNTUMIL	136	6
261	320510501	OURENSE	MUÍÑOS	XERMEADE	118	6
262	320521213	OURENSE	NOGUEIRA DE RAMUÍN	O COITELO	21	6
263	320151001	OURENSE	O BOLO	LENTELLAIS	97	6
264	320191304	OURENSE	O CARBALLIÑO	GROBA	14	8
265	320351003	OURENSE	O IRIXO	PARADA	104	6
266	320580705	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	A VENDA	106	3
267	320580401	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	CACHAMUÍÑA	203	3
268	320580207	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	URBANIZACIÓN TAPADA DE BOUZAS	397	8
269	320581310	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	VILARIÑO	336	8
270	320542209	OURENSE	OURENSE	QUINTELA	162	6
271	320541302	OURENSE	OURENSE	REZA	136	6
272	320541709	OURENSE	OURENSE	UNTES	215	6
273	320560309	OURENSE	PADRENDA	A FRIEIRA	182	6
274	320560208	OURENSE	PADRENDA	FREÁNS	36	6
275	320560525	OURENSE	PADRENDA	PONTE BARXAS	157	6
276	320610104	OURENSE	PIÑOR	PIÑOR	105	8
277	320640119	OURENSE	PONTEDEVA	ALDEA DE DEVA	257	7
278	320660101	OURENSE	QUINTELA DE LEIRADO	XACEBÁNS	80	6
279	320680302	OURENSE	RAMIRÁS	O PICOUTO	158	8
280	320710205	OURENSE	RIÓS	A VEIGA DO SEIXO	43	6



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
281	320710201	OURENSE	RIÓS	CASTRELO DE CIMA	38	6
282	320710708	OURENSE	RIÓS	SAN PEDRO DE TRASVEREA	44	6
283	320750207	OURENSE	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	REBOREDO	452	5
284	320760711	OURENSE	SAN CRISTOVO DE CEA	PIELAS	48	6
285	320700103	OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	AS CORTES	23	3
286	320780301	OURENSE	SARREUS	CORTEGADA	154	3
287	320810508	OURENSE	TOÉN	PUGA	165	6
288	320810202	OURENSE	TOÉN	QUENLLE	40	6
289	320810801	OURENSE	TOÉN	XESTOSA	129	6
290	320840202	OURENSE	VEREA	BANGUESES DE ARRIBA	57	6
291	320850301	OURENSE	VERÍN	FECES DE ABAIXO	420	8
292	320850401	OURENSE	VERÍN	FECES DE CIMA	89	6
293	320850701	OURENSE	VERÍN	PAZOS	685	7
294	320851101	OURENSE	VERÍN	TAMAGOS	184	6
295	320860501	OURENSE	VIANA DO BOLO	FORNELOS DE FILLOÁS	54	6
296	320861101	OURENSE	VIANA DO BOLO	MOURISCA	79	6
297	320863501	OURENSE	VIANA DO BOLO	VILASECO DA SERRA	26	6
298	320870803	OURENSE	VILAMARÍN	BORULFE	71	6
299	320881001	OURENSE	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	VALENCIA DO SIL	102	7
300	320890404	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PORTO	132	3
301	320890601	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PRADO	52	6
302	320910204	OURENSE	VILARDEVÓS	LAMASDEITE	59	6
303	320910802	OURENSE	VILARDEVÓS	TERROSO	208	6
304	320911101	OURENSE	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	247	6
305	320920602	OURENSE	VILARIÑO DE CONSO	PRADOALBAR	43	6
306	320321601	OURENSE	XINZO DE LIMIA	A PENA	136	6
307	320360209	OURENSE	XUNQUEIRA DE AMBÍA	SALGUEIROS	45	3
308	360173206	PONTEVEDRA	A ESTRADA	O REDONDO	80	6
309	360172805	PONTEVEDRA	A ESTRADA	PARAFITA	46	6
310	360230109	PONTEVEDRA	A GUARDA	SALGUEIRÓ	172	7
311	369010108	PONTEVEDRA	A ILLA DE AROUSA	AS LAXES	586	8
312	360250203	PONTEVEDRA	A LAMA	CAMBESES	79	6
313	360010530	PONTEVEDRA	ARBO	A ERMIDA	74	6
314	360010601	PONTEVEDRA	ARBO	OS EIDOS DE ABAIXO	130	5
315	360030101	PONTEVEDRA	BAIONA	O BURGO	538	6
316	360040114	PONTEVEDRA	BUEU	VILAR	159	6
317	360080502	PONTEVEDRA	CANGAS	O IGREXARIO	678	5
318	360110202	PONTEVEDRA	CERDEDO	ARÉN	22	8
319	360110207	PONTEVEDRA	CERDEDO	CERDEDO	437	7
320	360120306	PONTEVEDRA	COTOBADE	PAZOS	132	6
321	360131302	PONTEVEDRA	COVELO	CENDE	33	6
322	360141104	PONTEVEDRA	CRECENTE	MANDELOS	60	6
323	360140520	PONTEVEDRA	CRECENTE	O SURREIRO	28	7
324	360150302	PONTEVEDRA	CUNTIS	COUSELO	85	6
325	360150405	PONTEVEDRA	CUNTIS	CUNTIS	967	7
326	360160205	PONTEVEDRA	DOZÓN	O CASTRO	214	6
327	360180303	PONTEVEDRA	FORCAREI	LOUREIRO	115	6
328	360180601	PONTEVEDRA	FORCAREI	O BARRIO	50	6
329	360180507	PONTEVEDRA	FORCAREI	SOUTELO DE MONTES	450	7
330	360190103	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	A CURUXEIRA	107	6
331	360190301	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	FONDO DE VILA	184	6
332	360190304	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	RIAL	132	5
333	360210805	PONTEVEDRA	GONDOMAR	A GÁNDARA	189	8
334	360244809	PONTEVEDRA	LALÍN	ZOBRA	67	6
335	360260709	PONTEVEDRA	MARÍN	SEIXO	787	8
336	360300506	PONTEVEDRA	MONDARIZ	MONDARIZ	1025	7



ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidad	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
337	360330502	PONTEVEDRA	MOS	A GÁNDARA	373	6
338	360330904	PONTEVEDRA	MOS	A PORTELA DE PUXEIROS	985	7
339	360350503	PONTEVEDRA	NIGRÁN	CON	263	6
340	360390306	PONTEVEDRA	O PORRIÑO	A GRAÑA	105	6
341	360480216	PONTEVEDRA	O ROSAL	MARZÁN	398	8
342	360480229	PONTEVEDRA	O ROSAL	PORTECELO	102	7
343	360360304	PONTEVEDRA	OIA	AS MARIÑAS	107	6
344	360360605	PONTEVEDRA	OIA	OS PREÁNS	57	6
345	360360106	PONTEVEDRA	OIA	TORROÑA	155	7
346	360370203	PONTEVEDRA	PAZOS DE BORBÉN	O POUSIÑO	163	6
347	360430709	PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS	991	8
348	360471706	PONTEVEDRA	RODEIRO	RODEIRO	320	8
349	360490402	PONTEVEDRA	SALCEDA DE CASELAS	ATAÚDE	100	6
350	360522604	PONTEVEDRA	SILLEDA	LÁZARA	44	6
351	360521309	PONTEVEDRA	SILLEDA	SANTA MARIÑA	39	6
352	360521115	PONTEVEDRA	SILLEDA	SENRA	67	5
353	360541105	PONTEVEDRA	TOMIÑO	A TOMADA	114	7
354	360541304	PONTEVEDRA	TOMIÑO	O OUTEIRO	159	8
355	360540207	PONTEVEDRA	TOMIÑO	SOLVADO	123	6
356	360550507	PONTEVEDRA	TUI	SAMBADE	108	6
357	360560403	PONTEVEDRA	VALGA	CHENLO	22	6
358	360571431	PONTEVEDRA	VIGO	VILAR	351	6
359	360592809	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	A SENRA	76	6
360	360592003	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	O OUTEIRO	127	6
361	360592007	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	SULAGO	50	6
362	360590705	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	VILAR	46	6
363	360580112	PONTEVEDRA	VILABOA	SAXOSA	251	6